

Municipais 2019.

Regulamento de elección de candidatura Ourense en Común.

INTRODUCCIÓN

Ourense en Común é o espazo de confluencia cidadá de cara ás eleccións municipais do ano 2019. Nel participa a cidadanía ourensá, persoas dos movementos sociais e dos colectivos organizados politicamente que pretenden transformar a acción de goberno municipal dándolle o protagonismo á xente da cidade.

O presente regulamento procurará garantir os seguintes principios:

- Ser **transparente** en todas as súas fases.
- Dar reflexo da **pluralidade** de persoas que integran Ourense en Común.
- Garantir un **equilibrio** entre a apertura do proceso e o grado de aceptación das candidatas entre as participantes de Ourense en Común.
- Ofrecer un **trato igualitario e xusto** para todas as persoas que concorran ao proceso de elección.
- **Garantir a participación** cidadá no proceso de elección.
- Establecer un **sistema de garantías** axeitado que asegure o seu cumprimento.

Como expresión desa vontade compartida, as persoas que forman Ourense en Común concorrerán ás eleccións municipais cunha candidatura conxunta, que sairá dun proceso de elección cuxo eixo fundamental será a elaboración dunha candidatura que focalice a importancia nas áreas que Ourense en Común entende como nodais, e co obxecto de presentala como un equipo de goberno sólido que sexa quen de transformar a realidade social do noso concello. Este mecanismo de elección procurará garantir un equilibrio entre a apertura do proceso e o grado de aceptación das candidatas entre as participantes de Ourense en Común.

1. ÁREAS

Por este motivo o primeiro que quere deixar de manifesto o presente regulamento é a **estrutura óptima mínima dun goberno autónomo desde a óptica de Ourense en Común**, establecendo as áreas que debería ter segundo a propia declaración de principios e documentos constituíntes que fixan dende a praxe unha **democracia directa ou participativa a xustiza social, a igualdade de xénero, a economía sostible e do ben común como principios básicos**:

- Ben Común.
- Desenvolvemento local e termalismo.
- Desenvolvemento sostible e benestar animal.
- Igualdade e xuventude.
- Participación e transparencia.
- Recursos e xestión económica.
- Saúde pública.
- Territorio.
- Xestión municipal e seguridade cidadá.
- Xustiza social.

2. COMITÉ ELECTORAL

a) A **dirección do proceso electoral** e todas as cuestións relacionadas con el corresponde ao Comité Electoral.

b) O Comité Electoral estará **composto por cinco persoas titulares e cinco suplentes**. As integrantes do Comité serán **escollidos pola Asemblea en Común** entre as persoas presentes e aquelas persoas que manifestaran a súa vontade por formar parte del. Respetarase en todo caso o criterio de **paridade de xénero** entre as 10 persoas que conformen o comité, respectando a proporción de 3 + 2 entre as titulares do mesmo.

c) Se algunha das integrantes do Comité Electoral formase parte da candidatura quedaría **excluída** do Comité sendo **substituída** pola primeira suplente do mesmo xénero. No caso de que as integrantes fosen menos de 5 ou non se puidese respectar a composición de 3 + 2 o Comité será completado na asemblea de aval ás persoas aspirantes.

d) As **xuntanzas deste Comité serán abertas a toda a cidadanía**, que coñecerá cunha antelación de 24 horas dentro do posible as datas, horas e lugares onde se celebren. Así mesmo, as súas actas serán públicas e divulgaranse polos medios habituais de comunicación interna de Ourense en Común.

e) O Comité Electoral comprométese a que todas as persoas aspirantes reciban **apoio equitativo** por parte de todas as súas estruturas e a protexer e garantir o **carácter privado da información** que se lles solicite.

f) Será función do Comité Electoral velar polo cumprimento do **calendario electoral** e das normas presentes neste regulamento. O Comité Electoral poderá modificar o calendario electoral por causa xustificada e contando con referendo da asemblea.

- g) O Comité terá que elaborar a información pública de **promoción da participación** no proceso de primarias.
- h) O Comité será o encargado de **interpretar este regulamento** na resolución das posibles queixas, denuncias e irregularidades que se poidan dar durante o proceso de primarias así como de interpretar os baleiros do presente regulamento.
- i) O Comité Electoral tomará as súas **decisións** de acordo ao protocolo de toma de decisións do **regulamento asembleario de Ourense en Común**.
- k) O Comité Electoral poderá incorporar **integrantes**, con voz pero sen voto, que teñan **perfil profesional legal e que o asesoren na interpretación** do presente regulamento así como na interpretación da lexislación vixente en materia de réxime electoral.
- l) Terá a encomenda de realizar o sorteo para a **composición da mesa** ou mesas electorais así como de regular a aplicación telemática para o **voto electrónico**.
- m) A Asemblea en Común a proposta do Comité Electoral terá a capacidade de **revogar ás persoas aspirantes que non cumpran o presente regulamento de primarias**.
- n) Todos os acordos do Comité Electoral poderán ser **impugnados pola Asemblea en Común**.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

- a) Calquera persoa maior de 18 anos poderá ser candidata neste proceso de elección. Estas persoas deben reunir os requisitos que figuran na lei para ser elixibles nunhas eleccións municipais. (Art.177 e 178 da LOREG)
- b) Cada persoa aspirante deberá asinar por escrito o compromiso de cumprimento e defensa do programa participado, do código ético e dos principios e obxectivos de Ourense en Común.
- c) As candidatas de Ourense en Común deberán ser escollidas conforme ao presente regulamento e mediante os medios que facilite o Comité Electoral.
- d) As persoas aspirantes aos 10 primeiros postos da candidatura deberán presentar unha declaración xurada que acredite:
 - d.1) Non ser representante nalgunha outra administración distinta do Concello de Ourense.
 - d.2) Non formar parte de candidaturas distintas á de Ourense en Común no ano 2015 nin concorrer con outra candidatura nas eleccións municipais de 2019.
 - d.3) Non estar investigada por delitos relacionados con suborno, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos

públicos ou privados, malversación ou apropiación de fondos públicos, sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas.

d.4) Non estar en situación de investigación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos ecolóxicos ou contra os dereitos humanos ou os dereitos das persoas traballadoras.

d.5) Non acumular máis de 12 anos de actividade política como cargo electo no Concello de Ourense.

d.6) Asumir o compromiso de renunciar aos cargos de portavocía, secretaría xeral ou secretaría de organización que ostente en organizacións políticas no momento de saír elixida concelleira pola candidatura de Ourense en Común.

e) As persoas aspirantes aos restantes postos da candidatura deberán presentar unha declaración xurada que acredite:

e.1) Non formar parte de candidaturas distintas á de Ourense en Común no ano 2015 nin concorrer con outra candidatura nas eleccións municipais de 2019.

e.2) Non estar investigada por delitos relacionados con suborno, prevaricación, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, malversación ou apropiación de fondos públicos, sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas.

e.3) Non estar en situación de investigación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos ecolóxicos ou contra os dereitos humanos ou os dereitos das persoas traballadoras.

e.4) Asumir o compromiso de renunciar aos cargos de portavocía, secretaría xeral ou secretaria de organización que ostente en organizacións políticas no momento de saír elixida concelleira pola candidatura de Ourense en Común.

f) En prol da igualdade entre as candidatas ao proceso de elección de Ourense en Común, desde o momento en que se presente a candidatura e ate a súa elección definitiva, as persoas aspirantes non poderán participar como voceiras de Ourense en Común en actos públicos ou nos grupos de traballo de Apertura e/ou Comunicación, salvo naquelas situacións derivadas da actividade institucional.

4. PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

A presentación de candidaturas levarase a cabo en tres fases:

a) Unha primeira na que se escollerá á cabeza de lista, segundo establece o calendario do punto 15 do presente regulamento.

b) Nunha segunda fase escolleranse as persoas que concorrerán do posto 2 ao 10, podendo presentarse nunha lista de consenso encabezada pola cabeza de candidatura xa escollida, ou ben de xeito individual, da seguinte forma:

Unha vez elixida e proclamada a cabeza da candidatura o Comité Electoral abrirá un prazo para que toda aquela persoa que desexa formar parte da lista de consenso poda optar á formar parte da mesma, e que deberá referendar a Asemblea en Común no seu conxunto tal e como se expón no punto seguinte.

Presentando a súa candidatura de forma individual, que do mesmo xeito deberá ser avalada por parte de Asemblea en Común.

c) Finalmente, o resto da candidatura e as suplencias completaranse nunha terceira fase en dinámica asemblearia no Re-Pensar 2019 ou nunha Asemblea en Común convocada ao efecto.

5. VALIDACIÓN ASEMBLEARIA

Na primeira fase, unha vez coñecidas as aspirantes a cabeza de lista, o Comité Electoral solicitará a convocatoria dunha Asemblea en Común co obxecto de avaliar o grado de aceptación das persoas propostas garantindo o cumprimento duns requisitos mínimos.

Do mesmo xeito, na segunda fase, presentarase á Asemblea en Común a lista de consenso elaborada, así como todas aquelas candidaturas individuais. A lista de consenso deberá ser referendada pola AeC no seu conxunto.

Así pois, todas as asistentes á Asemblea con dereito a voto poderán expresar o seu referendo ou non ás aspirantes a través dunha votación secreta, e tendo en conta os seguintes criterios:

- **Capacidade de traballo:** Ter amosado a capacidade de traballo necesaria e suficiente para desenvolver a encomenda que supón a súa elección como concelleira de Ourense en Común.
- **Capacidade de representación do proceso e do colectivo:** Ter amosado ou gozar da confianza de representar correctamente ao colectivo, especialmente en relación ás decisións colectivas acordadas.
- **Consonancia cos principios, valores e obxectivos de Ourense en Común:** Representar os principios, valores e obxectivos de Ourense en Común, ben sexa a través da súa participación no proceso municipal como pola súa/s actividade/s fóra do mesmo.

En todos os casos anteriores, as candidaturas que reciban un apoio superior aos 2/3 das presentes, quedarán proclamadas como candidatas provisionais, nunha votación secreta a través dunha papeleta onde consten todas as persoas aspirantes. No

caso de que ningunha candidatura superase os 2/3 das presentes, aplicarase o protocolo de toma de decisións do regulamento assembleario de Ourense en Común.

6. CENSO DAS PRIMARIAS

No momento de apertura do prazo de presentación de candidaturas a cabeza de lista quedará aberta a inscrición ao censo de primarias, que pechará no mesmo momento que o prazo de presentación das devanditas candidaturas. Este será o censo de todo o proceso de elección das dúas primeiras fases segundo establece o calendario do punto 15 e tendo en conta os seguintes requisitos:

- Será aberto a todas as persoas maiores de 16 anos que queiran participar e demostren no momento de inscribirse estar vencelladas ao concello de Ourense, ben sexa a través de documento de identidade, Tarxeta de Identificación de Extranxeira ou pasaporte (no que conste como domicilio ou como lugar de nacemento), así como de calquera outro documento xustificativo que o demostre (certificado de empadramento, contrato de arrendamento debidamente rexistrado, facturas de subministro, contrato laboral debidamente rexistrado, matricula universitaria...).
- Os datos recollidos serán incorporados e tratados nun ficheiro de titularidade de Ourense en Común para o seu uso exclusivo no eido desta iniciativa de acordo co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

7. CAMPAÑA ELECTORAL DE PRIMARIAS

Tras a validación da Asemblea en Común e o período de alegacións quedarán proclamadas as candidatas, dándolle a máxima publicidade posible ás mesmas, tanto polos medios habituais de Ourense en Común como ao resto da cidadanía, comezando así o proceso de primarias, que se desenvolverá do seguinte xeito:

a) As persoas candidatas poderán dispor de tempo suficiente para explicar as súas formulacións e pedir o voto no proceso de primarias.

b) O Comité Electoral garantirá, en todo caso, un espazo nos medios de comunicación de Ourense en Común para cada unha das persoas aspirantes. A distribución destes espazos será en réxime de absoluta igualdade para cada persoa e en orde aleatoria. Cando menos os espazos postos a disposición das persoas candidatas serán: locais de uso público, páxina web, páxina de facebook, perfil de twitter, canle de vídeo, notas de prensa e lista de distribución de correo. Cada unha das persoas aspirantes estará representada por unha fotografía, un breve texto descritivo do seu perfil non superior aos 140 caracteres e un texto maior de 500 caracteres onde poderá expresar a súa visión persoal e por que cre que debe ser merecedora do voto no proceso de primarias.

- c) As persoas candidatas teñen dereito a usar os seus perfís persoais en redes sociais. Os medios dixitais propios de Ourense en Común enlazarán aos perfís persoais na rede das persoas candidatas, se así llo solicitan ao Comité Electoral, facilitando que a cidadanía interesada en participar no proceso de primarias poida interpelalos directamente.
- d) Na medida das posibilidades de organización, o Comité Electoral facilitará actos participados e debates públicos entre as persoas candidatas en espazos accesibles. Todas as persoas candidatas terán dereito a participar nos mesmos.
- e) O Comité Electoral desenvolverá unha campaña para animar á participación.
- f) Ningunha persoa candidata poderá promover unha campaña paralela, con medios diferentes aos dispostos por Ourense en Común en igualdade para o conxunto das persoas candidatas. Expresamente, quedan prohibidos os orzamentos particulares das persoas candidatas para divulgar ou promover a súa candidatura. En ningún caso se permitirá o uso de material propagandístico nin a publicidade pagada.
- g) As persoas candidatas comprométense a levar adiante unha campaña rexida polos principios fundacionais de Ourense en Común de xenerosidade, lealdade, confianza, colaboración e transparencia.

8. XORNADAS ELECTORAIS

O Comité Electoral será o encargado da convocatoria das xornadas electorais. A votación poderase realizar por un dos dous procedementos elixidos e segundo as posibilidades técnicas das que dispoña a organización: en urna ou por medios electrónicos.

a) **Votación na mesa:** Desenvolverase ao longo dunha xornada de fin de semana e nos locais que o Comité Electoral decida establecer. As urnas abrirán ás 10.00 h e pecharán ás 20.00 h. Na mesa, ou mesas electorais, haberá un mínimo de tres persoas que escollerá a Asemblea en Común a proposta do Comité Electoral, que terán a función mínima de presidencia, secretaría e voceira.

Poderán formar parte das mesas electorais todas as persoas que llo soliciten anticipadamente ao Comité Electoral e non figuren na listaxe de persoas aspirantes. O local, ou locais da votación, serán públicos e poderán permanecer neles calquera persoa interesada en ser observadora do proceso, identificándose previamente ante a persoa que presida a mesa electoral e sempre que non sexa unha candidata nin se entorpeza o desenvolvemento do proceso. O dereito de segredo ao voto estará garantido polos medios lóxicos precisos. As integrantes da mesa realizarán o escrutinio, que tamén será público para todas as persoas presentes no momento de pechar a votación.

b) **Votación electrónica:** Na medida das posibilidades técnicas das que dispoña o Comité Electoral, habilitará un sistema de votación electrónica. Neste caso, igual que no voto en urna, será necesario que quede debidamente acreditada a identidade das electoras. A duración do período de votación electrónica, de ser o caso, será o mesmo que o do voto na mesa. O código utilizado para o funcionamento deste sistema de voto debe ser necesariamente público para que se poida xulgar a súa seguridade, así como garantir o segredo de voto.

c) Na medida das posibilidades procurarase que nos locais electorais se dispoña dun sistema de **votación electrónica asistida**, sendo prioritario este sistema co obxecto de facilitar e axilizar o recuento.

9. SISTEMA DE VOTACIÓN

Na primeira fase, deberá escollerse entre votar en branco ou escoller algunha das persoas candidatas.

Na segunda fase, poderase optar por votar a lista completa presentada ou ben ás candidaturas individuais, votación que soamente poderá realizarse de forma paritaria e ata un máximo de 9.

As papeletas de votación incluírán os nomes e apelidos de todas as persoas candidatas. A lista estará ordenada segundo o consenso acadado por as persoas que a integran (sendo esta orde a que se reflectirá á hora de formar parte da candidatura final). No caso das candidaturas individuais, as candidatas estarán ordenadas alfabeticamente a partir dos apelidos dunha das persoas aspirantes que sairá por sorteo. Nas papeletas de votación presentarase ao carón do nome e apelidos de cada candidata individual unha caixa onde se marcarán as opcións escollidas. Do mesmo xeito a lista presentada contará no encabezamento cunha caixa para aquelas persoas que elixan esta opción.

10. ESCRUTINIO E PUBLICIDADE DOS RESULTADOS

a) Unha vez rematadas as votacións, a persoa que presida cada mesa electoral procederá á apertura de urnas e ao recuento das papeletas co apoio das integrantes da mesa.

b) Realizarase o recuento da puntuación obtida polas persoas aspirantes a conformar a lista outorgando un punto por cada voto recibido.

c) Rematado o escrutinio comunicaralle os resultados ao Comité Electoral.

d) O Comité Electoral procederá ao recuento dos votos recibidos por medios telemáticos e os anexará aos recibidos de cada mesa electoral. Finalmente redactará unha acta final de escrutinio.

e) A acta de escrutinio seralle comunicada ao grupo de traballo de Coordinación de Ourense en Común, que a trasladará ao grupo de traballo de Comunicación que será o encargado de facer públicos os resultados provisionais en todos os medios dispoñibles, así como de transmitir o resultado ás persoas elixidas.

f) Unha vez rematado o período de alegacións farase pública a candidatura definitiva nun acto celebrado ao efecto.

11. CONFECCIÓN DA CANDIDATURA

Inmediatamente finalizado e publicado o resultado do escrutinio, o Comité Electoral confeccionará a candidatura segundo os seguintes criterios:

a) A persoa xa elixida na primeira fase de elección será a que encabece a candidatura.

b) No caso de que a cabeza de lista sexa unha muller os números 2 e 3 serán ocupados tamén por mulleres, sendo os postos 4 e 5 asignados aos dous primeiros homes.

c) No caso de que a cabeza de lista sexa ocupada por un home os postos 2, 3 e 4 serán asignados as tres primeiras mulleres e o número 5 a un home.

d) A partir do posto número 6 a lista será confeccionada en formato de cremalleira.

e) En caso de empate, resolverase en dinámica asemblearia a través do protocolo de toma de decisións do regulamento asembleario de Ourense en Común e respectando sempre os criterios anteriores.

f) Na Asemblea en Común ao efecto completárase a lista e as suplencias seguindo os criterios anteriores.

12. RENUNCIA DAS PERSOAS ELIXIDAS

No caso de que algunha das persoas elixidas renuncie ao seu posto antes de presentarse a candidatura no rexistro correspondente, este cubrirase segundo os criterios xerais establecidos no punto 11 deste regulamento.

13. REVOGACIÓN DAS PERSOAS ELIXIDAS

a) No caso de detectarse algún tipo de irregularidade legal ou incompatibilidade co código ético de Ourense en Común por parte dalgunha das persoas elixidas, estas poderán ser revogadas segundo o procedemento descrito a continuación, compatible e complementario ao código ético de Ourense en Común:

- O Comité Electoral poderá actuar de oficio se detecta algunha das irregularidades anteriormente descritas e promoverá á Asemblea en Común a revogación de calquera persoa que integre a candidatura.

- Calquera persoa que participara no proceso de primarias poderá facer chegar un escrito revogatorio ao Comité Electoral para que o estude e no seu caso o teña en consideración.
- O Comité Electoral fará chegar á persoa revogada un comunicado no que se lle informe do inicio do proceso revogatorio.
- A persoa revogada terá un prazo de 48 horas para responder e exercer defensa, no seu caso, fronte a súa revogación.
- Pasado ese prazo de 48 horas o Comité electoral levará á Asemblea en Común o recurso revogatorio.

b) No caso de que algunha das persoas que integran a candidatura sexa finalmente revogada, a lista correrá e completárase segundo os criterios xerais establecidos no punto 11 deste regulamento.

14. PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA

a) Correspóndelle ao Comité Electoral a obtención e custodia da documentación das persoas candidatas: declaracións asinadas e fotocopia lexible do documento de identidade por ambas caras, así como a presentación en prazo e forma ante a xunta electoral competente.

b) A candidatura de Ourense en Común será presentada nun acto público que será anunciado en tempo e lugar con suficiente antelación.

15. CALENDARIO DO PROCESO DE ELECCIÓN

- Aprobación do regulamento no Repensar 2018: 27 de xaneiro de 2018.
- Constitución do Comité Electoral: 27 de xaneiro de 2018.

Fase 1:

- Período de presentación de candidaturas a cabeza de lista: do 11 ao 17 de febreiro de 2018.
- Período de inscrición no censo: do 11 ao 17 de febreiro de 2018.
- Proclamación provisional interna de aspirantes: 18 de febreiro de 2018.
- Prazo de alegacións: 19 de febreiro de 2018.
- Proclamación definitiva interna de aspirantes: 22 de febreiro de 2018.
- Asemblea de validación: 23 de febreiro de 2018.
- Proclamación pública das candidatas provisionais: 24 de febreiro de 2018.

- Prazo de alegacións: 25 de febreiro de 2018.
- Proclamación das candidatas definitivas: 28 de febreiro de 2018.
- Campaña electoral á cabeza de lista: do 1 ao 9 de marzo de 2018.
- Xornadas de votación: 10 de marzo de 2018.
- Publicación do resultado das votacións e proclamación provisional: 11 de marzo de 2018.
- Prazo de alegacións: 12 e 13 de marzo de 2018.
- Proclamación da cabeza de lista: 16 de marzo de 2018.

Fase 2:

- Período de presentación de candidaturas para formar parte da lista de consenso (2 ao 10): do 5 ao 11 de novembro de 2018.
- Período de presentación de candidaturas independentes bloque de lista (2 ao 10): do 12 ao 18 de novembro de 2018.
- Proclamación provisional interna de aspirantes: 19 de novembro de 2018.
- Prazo de alegacións: 20 de novembro de 2018.
- Proclamación definitiva interna de aspirantes: 24 de novembro de 2018.
- Asemblea de validación: 26 de novembro de 2018.
- Proclamación pública das candidatas provisionais: 27 de novembro de 2018.
- Prazo de alegacións: 28 de novembro de 2018.
- Proclamación das candidatas definitivas: 3 de decembro de 2018.
- Campaña electoral á bloque lista : do 4 ao 12 de decembro de 2018.
- Xornadas de votación: 13 de decembro de 2018.
- Publicación do resultado das votacións e proclamación provisional: 14 de decembro de 2018.
- Prazo de alegacións: 15 e 16 de decembro de 2018.
- Proclamación do bloque de lista: 17 de decembro de 2018.

Fase 3:

- Asemblea en Común para completar a lista e as suplencias: Re-Pensar 2019